



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2023/G010/000010

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA-ORGANIZACIÓN
CONCELLO PLENO
21 DE AGOSTO DE 2023

Srs./ Sras. Asistentes:

Sra. Alcaldesa-Presidenta:

Dna. Sandra Insua Rial

Sres./Sras. Concelleiros/as:

Dna. Encarnación Liñeiro Pouso
D. Sergio Caamaño Fernández
Dna. Begoña Tajés Méndez
D. Germán Camiño Mouzo
Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño
D. José Francisco Carril Ageitos
Dna. Paula Mouzo Mas
D. Juan Carlos Sambade Amado
D. Manuel Mejuto Rios
Dna. Marta M^a Mouzo Pose
D. Xurxo M. Rodríguez Baña

Escusa a súa asistencia:

D. Fabián Canosa Pasantes

Secretaria:

Dna. M^a Lourdes Castro Pena

Interventora:

M^a Emilia García Maneiro

En Camariñas, sendo as 9:00 horas do día **vinte un de agosto de dous mil vinte tres e** previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. Sandra Insua Rial, asistido da Secretaria da Corporación, Dna. María Lourdes Castro Pena, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, ao obxecto de celebrar **sesión extraordinaria**.

A sesión se celebra, no Salón de Plenos segundo quedou establecido no Decreto da Alcaldía 706/2023, de data 11 de agosto, polo que se procedeu á convocatoria da sesión.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, a Sra. Alcaldesa-Presidenta declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DÍA



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS

Dáse lectura a proposta de acordo:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Plan Estratéxico de Subvencións 2023.

EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000339

Sandra Insua Rial, alcaldesa do Concello de Camariñas, dada a necesidade de aprobación dun Plan estratéxico de subvencións é fixar as liñas de actuación no outorgamento das mesmas o que debe ser acorde cos principios reguladores da lei de subvencións, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Plan Estratéxico de Subvencións 2023 que de seguido se detalla, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2023

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico, polo que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

Hai que ter en conta a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, de 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas relativos a políticas públicas que estean previstas en Normas legais ou regulamentarias, terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencións sempre que recollan o contido previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003.

En cumprimento do disposto na disposición final terceira da citada Lei, o Goberno aprobou o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor do mesmo (25 de outubro de 2006), os plans estratéxicos de subvencións ou dos plans e programas sectoriais vixentes adaptaranse ao establecido no mesmo.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, una maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, prevese na Lexislación que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións [instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública], de carácter plurianual e con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

as subvencións cos recursos dispoñibles; con carácter previo ao nacemento da subvención.

Por iso, este Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

Artigo 1.

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2023 axustarase ao previsto no presente Plan.

Artigo 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.

Artigo 3

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

Artigo 4

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos.

Artigo 5

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Artigo 6

As materias que o Concello de Camariñas pretende subvencionar son as seguintes:

2023

- Acción social: emerxencias sociais,....
- Cultura: premios de entroido, premios destinados ós Noves deseñadores da Mostra de Encaixe, asociacións de festas, asociacións culturais...
- Deportes: asociacionismo deportivo, clubs deportivos,...

Artigo 7

En materia de **acción social**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) colectivos desfavorecidos:

a) **Obxectivos:** se pretende facer fronte as necesidade de emerxencia social para aqueles casos nos que se necesita unha resposta inmediata en situacións de clara necesidade de intervención inmediata mellorando a súa calidade de vida do usuario e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar emerxencias sociais.

c) **Custos previsibles:** 7.000€



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** colaboración coas distintas entidades que se financian e mediante a concesións de axudas de emerxencia social ou convocatorias de subvencións de necesidades previstas.

Artigo 8

En materia de **cultura**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) premios:

A.1) Premios Entroido

a) **Obxectivos:** Impulsar e achegar á poboación a creación artística a través de concursos

b) **Efectos pretendidos:** fomento cultura popular, fomento da Mostra de Encaixe

d) **Custos previsibles:** 5.000€ para 2023 (entroido, premios letras galegas), 4500 € (Premios Mostra)

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** liñas de concursos.

D) Asociacións culturais/festas

Obxectivos : impulsar a actividade cultural/festas do municipio

Efectos: fomento da cultura/festas e en definitiva o patrimonio cultural do Concello

Custos: 22.000 €

Financiamento: O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

Plan de acción: colaboración no sostemento das actuacións de distintas asociacións culturais do municipio.

Artigo 9

En materia de deportes, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) Fomento das Prácticas Deportivas:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos...

b) **Efectos pretendidos:** Financiar parte da adquisición do material deportivo e o gastos necesarios para a práctica do deporte no Municipio, o incremento de persoas que se inscriban nas diferentes Federacións deportivas, que se realice un maior número de competicións a nivel municipal, a realización de máis actividades e eventos deportivos no Municipio...

d) **Custos previsibles:** pendentes de determinar.

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento do deporte mediante a colaboración con entidades que sen ánimo de lucro incentiven o deporte e a súa promoción.

Artigo 10



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

O Concelleiro competente por razón da materia ou a Alcaldesa no seu caso efectuará o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia.

Artigo 11

Finalizada a vixencia do Plan, antes da elaboración do seguinte a Alcaldesa deberá presentar ante o Pleno nunha Memoria na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

Anexos:

1. Anexo de subvencións nominativas do Orzamento Municipal do Concello de Camariñas para 2023 dentro do orzamento prorrogado do 2022.

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
338/480.00	Asociación cívica, cultural, deportiva e recreativa "Virxe do Carme" de Camariñas	10.000 €	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación de Festas de San Pedro do Ponte do Porto	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Espíritu Santo de Camelle	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural San Xorxe de Buria	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Os Bartolos de Arou	2.500	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación de Veciños Casoliño	1.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Reghos dos Cuiros	500	Convenio	Postpagable

SEGUNDO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, por un prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poden presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. Publicar así mesmo, na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO.- Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto as modificacións derivadas da resolución das alegacións, no caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Plan no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional.

CUARTO.- O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] deste Plan, co texto íntegro da mesmo, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello."

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: "Todos os anos temos mais ou menos as mesmas subvencións, estas tiñan un reparo porque facía falta un plan estratéxico e isto é o que traemos agora ao Pleno, tratamos de evitar un reparo."



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A portavoz do grupo do PP, Dna. Paula Mouzo: “Estiven mirando o Plan e paréceme bastante sinxelo, propoñen deixalo sobre a mesa e reunirse coas asociacións e partidos políticos para facer un plan mais completo e que as asociacións e partidos poidan achegar as súas propostas.”

O portavoz do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez: “Esta de acordo con Paula, o Plan parécelle moi cativo, esta de acordo en dar axudas pero hai que esforzarse en ver os obxectivos a cumprir, analizar os retornos das axudas, este plan faise a toro pasado; poderíase consultar coas asociacións para coñecer a súa opinión.”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Todos os plans da contorna son similares, así que agora mesmo vai seguir así.”

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor: 7 (7 grupo municipal socialista),
Votos en contra: 5 (4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame da comisión de contas.

2.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO, MEDIANTE CREACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

Dáse lectura a proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expte: 2023/T004/000001

Asunto: Incoación de expediente de concesión de subvención nominativa.

Visto que actualmente o Concello de Camariñas non ten orzamento aprobado para o ano 2023, estando prorrogado ó do ano 2022.

Visto que como consecuencia da prórroga orzamentaria, non se recollen nos créditos iniciais consignacións para o outorgamento de subvencións nominativas.

Visto a importancia que teñen as festas como patrimonio cultural e coñecendo a labor que realizan as diferentes asociacións culturais do Concello de Camariñas, que tratan de por en valor ás diferentes parroquias do municipio realizando festas/actividades culturais e en definitiva atraendo o sector turístico tan necesario para o noso Concello.

Visto que para a súa mellor realización da súa actividade é necesaria a colaboración económica por parte do Concello de Camariñas.

Por todo o anterior, faise necesario modificar as bases de execución do orzamento 2023 (prorrogado ó do ano 2022) e conceder as seguintes subvencións nominativas:

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
338/480.00	Asociación cívica, cultural, deportiva e recreativa “Virxe	10.000 €	Convenio	Postpagable



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

	do Carme" de Camariñas			
338/48000	Asociación de Festas de San Pedro do Ponte do Porto	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Espíritu Santo de Camelle	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural San Xorxe de Buria	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Os Bartolos de Arou	2.500	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación de Veciños Casoliño	1.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Reghos dos Cuiros	500	Convenio	Postpagable

Estas subvencións, irán destinadas previa sinatura dos convenios correspondentes a financiar a realización de actividades/festas que serven para promocionar o patrimonio cultural do Concello de Camariñas.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 04/08/2023.

Conforme o anterior, teño a ben propoñer ó Pleno do Concello de Camariñas, previo informe da Intervención Municipal:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Subvencións do Orzamento para o exercicio 2023, cuxa redacción é a seguinte:

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
338/480.00	Asociación cívica, cultural, deportiva e recreativa "Virxe do Carme" de Camariñas	10.000 €	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación de Festas de San Pedro do Ponte do Porto	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Espíritu Santo de Camelle	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural San Xorxe de Buria	3.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Os Bartolos de Arou	2.500	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación de Veciños Casoliño	1.000	Convenio	Postpagable
338/48000	Asociación Cultural Reghos dos Cuiros	500	Convenio	Postpagable

SEGUNDO. Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO. Considerar elevado a definitivo este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha.

CUARTO. Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición ContenciosoAdministrativa."



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “As achegas que se van a dar constan na proposta, son mais ou menos as dos anos anteriores.”

A portavoz do grupo do PP, Dna. Paula Mouzo: “As vosas medidas as vosas decisións e a vosa xestión económica.”

O portavoz do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez: “Vaise abster porque esta de acordo en dar axudas pero non se esta analizando ningún retorno de esas axudas”.

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor: 7 (7 grupo municipal socialista)
Votos en contra: 0
Abstencións: 5 (4 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)

Queda aprobado o ditame da comisión informativa de contas por maioría dos membros presentes.

3.- APROBACION DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 14/2023, MEDIANTE TRANSFERENCIA 5/2023

Dáse lectura a proposta de acordo:

“PROPOSTA DE DITAME

Asunto: aprobación inicial de modificación de crédito mediante transferencia de crédito.

Tendo en conta o estado de execución actual do orzamento do ano 2023, orzamento prorrogado do 2022, e considerando que o saldo existente nas aplicacións orzamentarias para facer fronte a diversos gastos de inversión, que xa están executados e que polo tanto é necesario proceder o seu pagamento.

Visto o disposto nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, nos artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, así coma nas Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Camariñas para o ano 2022, prorrogado para o ano 2023.

Visto o Informe da Intervención municipal de data 04 de agosto de 2023.

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 14/2023 mediante transferencia de crédito nº 5/2023 por un importe total de **93.618,02 €** propondo:

INCREMENTAR as aplicacións:



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	INCREMENTO
------------	--------------	------------



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

1532/61900 (2023/4/23R)	Vías Públicas/Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	9.407,75
1532/61900 (2023/4/23I1)	Vías Públicas/Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	5.457,10
1532/61900 (2023/4/23M1)	Vías Públicas/Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	11.988,68
1532/61900 (2023/4/23Ñ1)	Vías Públicas/Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	6495,28
1532/61900 (2023/4/23S1)	Vías Públicas/Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	4311,23
1532/61900 (2023/4/23T1)	Vías Públicas/Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	3025,00
1532/61900 (2023/4/23U1)	Vías Públicas/Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	2744,28
1532/61900 (2023/4/23V1)	Vías Públicas/Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	2148,96
334/62300 (2023/4/23S)	Promoción cultural/Maquinaria, instalacións técnicas	6047,07
165/61900 (2023/4/23LL1)	Alumeado Público/ Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	6104,45
165/61900 (2023/4/23R1)	Alumeado Público/ Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	6679,20
160/61900 (2023/4/23O1)	Sumidoiro/ Inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados o uso xeral	8017,46
161/63300 (2023/4/23P1)	Abastecemento domiciliario auga potable/Maquinaria, instalacións técnicas	11.269,56
439/62500 (2023/4/23N1)	Outras actuacións sectoriais/ Mobiliario	6.413,00
241/62500 (2023/23Q1)	Fomento do emprego/Mobiliario	3.509,00



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

TOTAL		93.618,02
--------------	--	------------------

MINORAR as aplicacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	MINORAC.
311/22700	Protección da salubridade pública/Servizo de limpeza e aseo	10.000
333/22706	Museos e artes plásticas/Estudios e traballos técnicos	5.000
334/22609	Promoción cultural/Actividades culturais	10.000
338/22609	Festas populares/ Actividades culturais	5.000
342/22799	Instalacións deportivas/Outros traballos realizados por outras empresas	18.000
920/21300	Administración xeral/Reparación, mantemento e conservación	7.000
920/22001	Administración xeral/Prensa, revistas	4618,02
920/22602	Administración xeral/Publicidade e Propaganda	8.000
920/22706	Administración xeral/Estudios e traballos técnicos	16.000
920/22799	Administración xeral/Outros traballos realizados por outras empresas	10.000
TOTAL		93.618,02

SEGUNDO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ao publico o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

TERCEIRO.- A modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada se durante o período de exposición ao publico non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resumo por capítulos.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin."



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Imos facer esta transferencia para dotar o capítulo 6, porque non tiñamos nada, ao ser un orzamento prorrogado.”

A portavoz do grupo do PP, Dna. Paula Mouzo: “Recortan en outros servizos, son decisións vosas, a planificación non é o voso forte.”

O portavoz do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez: “Deberíamos elaborar o orzamento do 2024 e non facelo en febreiro, estas modificacións fanse por unha mala xestión de non ter orzamento.”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “O orzamento do 2024 tratarase de traer en canto se poida, hai pouco marxe de manobra política.”

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor: 7 (7 grupo municipal socialista)
Votos en contra: 0
Abstencións: 5 (4 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)

Queda aprobado o ditame da comisión informativa de contas por maioría dos membros presentes.

4.- APROBACIÓN DO REC 8/2023

Dáse lectura a proposta de acordo:

“EXPTE: 2023/X999/000340

ASUNTO:RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 8/2023

PROPOSTA DE DITAME

Vista a relación de facturas pendentes de aprobación, correspondentes a servizos/obras/prestación efectuadas no exercicio 2022, que se relacionan a continuación por un importe total de 4.268,50 €.

Visto que todas as facturas figuran na conta 413" Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento, xa que non puideron ser aprobadas por falta de crédito adecuado e suficiente, mais se considerou que os servizos/obras/subministro tiñan carácter de imprescindible para o mantemento dun nivel mínimo de calidade de vida da poboación do municipio, e ademais unha delas foi presentada no exercicio 2023, polo que foi imposible a súa imputación ó exercicio correspondente.

Visto ademais a necesidade de pagar ditas facturas toda vez que se está a incumprir o período legal de pago das mesmas, considérase prioritario a súa aprobación e pago sobre outras facturas do exercicio en curso.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Coa finalidade de evitar o enriquecemento inxusto do Concello de Camariñas, e acreditada a débeda contraída cos provedores sinalados, e visto o Informe de Reparación formulado pola Intervención Municipal por importe de 4.268,50 €, de data 07 de agosto de 2023, é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO.- Resolver a discrepancia formulada, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Aprobar conforme ó artigo 60.2 do RD 500/1990 e a Base nº 11 das de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2022 prorrogado para o ano 2023, o recoñecemento extraxudicial de crédito (expte REC 8/2023) correspondente as facturas que se relacionan a continuación, por un importe total de 4.268,50 €, coa salvedade da factura nº 23 por importe de 3.509,00 € que para poder proceder a súa aprobación/contabilización deberá entrar en vigor a transferencia de crédito 14/2023 TC 5/2023 (Expte 2023/T002/000014)

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2022/2705	19/10/2022	19	17/10/2022	135	76349634F	Mª Pilar Pasantes Carril	PAÑUELO GRACIANOS, ALDEA, PLUMA FBR (REGALO ASOCIACION OUNIVES MOSTRA)
F/2022/3130	16/12/2022	V3/22	20/10/2022	80	20627279M	DANIEL ROMAR AREN	BONO CONCURSO LETRAS GALEGAS PRIMEIRO PREMIO, CATEGORIA E, SUBCATEGORIA E1, MELLOR PROSA A A DANIEL ROMAR AREN POR A L
F/2022/3146	27/12/2022	3	26/12/2022	544,50	78807785X	SAULO FERNANDEZ TRABA	PRESENTACION EVENTO ENCENDIDO ALUMBRADO DE NADAL 2022 (03/12/2022)
F/2023/1466	28/02/2023	23	29/12/2022	3.509	47374748S	MANUEL ANGEL SUAREZ SONEIRA	MOBILIARIO PARA CENTRO DE INICIATIVAS

TERCEIRO.- Ordenar o pagamento das facturas anteriores



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

CUARTO.- Que unha vez aprobado polo Pleno da Corporación, se de traslado da presente resolución os servizos de intervención para que realicen as anotacións contables necesarias e procedan o seu pagamento, coa salvedade referida no punto primeiro da factura nº 23.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Son facturas do ano 2022 de empresarios que non quixeron entrar no plan do Estado.”

A portavoz do grupo do PP, Dna. Paula Mouzo: “Isto é o octavo REC deste ano, non entendo como non fixestes un orzamento neste ano con maioría absoluta e catro dedicacións.”

O portavoz do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez: “O orzamento é fundamental en contra do que di a alcaldesa, para organizar os gastos e aforrar diñeiro, ter unha planificación, poder prever a necesidade de solicitar tres orzamentos ou licitar os gastos. O orzamento é unha decisión política non técnica”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “O voso traballo é criticar o que se fai, sempre hai un orzamento aínda que sexa prorrogado, na anterior lexislatura tivemos tres orzamentos.”

O portavoz do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez: “O orzamento é moi malo a vista de que non se cobrou o canón eólico en anos anteriores.”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “O orzamento do ano 2022 foi moi traballado pero aparecen imprevistos, como a bomba da auga que coa tormenta se danou; todos os concellos fan REC.”

O portavoz do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez: “Esta claro que hai gastos imprevistos pero non todo o que se trae a REC é imprevisto, como as facturas de mobiliario de este REC.”

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor: 7 (7 grupo municipal socialista)
Votos en contra: 0
Abstencións: 5 (4 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)

Queda aprobado o ditame da comisión informativa de contas por maioría dos membros presentes.

5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE 15/2023 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Dáse lectura a proposta de acordo:

“EXPTE:2023/T002/00015

PROPOSTA DE DITAME

Visto que con data 30/03/2023, recibíuse un ingreso dun canon eólico por importe de 125.000,00 € que non estaba previsto no orzamento do ano 2022 prorrogado para o ano 2023.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Visto que existen diversos gastos que non contan con crédito orzamentario suficiente ata o fin do exercicio 2023 e que son necesarios para a boa marcha do Concello, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte (suministro eléctrico, tratamento e recollida de residuos,.....).

Esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 15/2023 por suplemento de crédito 02/2023, financiado con novos e maiores ingresos, concretamente cós ingresos do canon eólico por importe de 125.000,00 €.

De conformidade ca normativa vixente, cando deba facerse algún gasto para o que sexa insuficiente ou inexistente a dotación prevista no Orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un suplemento de crédito.

Os gastos proxectados son específicos na súa definición e determinados nas contías, tendo carácter inaprazable por afectar a servizos e competencias municipais, e ademais esta Alcaldía garante que conforme os datos contables os ingresos se están producindo con normalidade.

Tendo en conta todo o anterior, e visto o informe de Intervención de data 07/08/2023 propónse á Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte DITAME:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito de crédito nº 15/2023, suplemento de crédito 02/23, por importe de 125.000,00 € financiado cós ingresos do canon eólico non previstos no orzamento do 2022 prorrogado para o ano 2023, de acordo co seguinte detalle:

GASTOS.-

MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

APLICACIÓN	FINALIDADE	IMPORTE
160/22100	Energía eléctrica	10.000
161/22100	Energía eléctrica	5.000
165/22100	Energía eléctrica	13.000
1622/22700	Xestión de residuos sólidos urbanos	97.000
	TOTAL GASTOS	125.000 €

MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

INGRESOS.-

CONCEPTO	IMPORTE	FONTE DE FINANCIAMENTO
39700	125.000 €	Ingresos canos eólico

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Estes son os cartos dos eólicos, imos suplementar os gastos de luz e sogama.”

A portavoz do grupo do PP, Dna. Paula Mouzo: “Mais do mesmo, un pleno para ver o que non se fai ben.”

O portavoz do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez: “Benvidos os cartos, esperamos que isto non volva a pasar. As eólicas poñen o diñeiro e pagamos as eléctricas, deberíamos ver de facer un plan enerxético para aforrar e destinar mais a cultura e servizos sociais.”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Prever unha subida da luz non era posible.”

O portavoz do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez: “Non esta de acordo con iso, si que era previsible.”

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor: 7 (7 grupo municipal socialista)
Votos en contra: 0
Abstencións: 5 (4 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)

Queda aprobado o ditame da comisión informativa de contas por maioría dos membros presentes.

E non sendo outro o obxecto da sesión, a Sra. Alcaldesa procede a levantala, sendo as 9:21 horas do día da data do que como Secretaria dou fe e certifico.

**A SECRETARIA
Asd. María Lourdes Castro Pena**